

## Directrices do procedemento para a ampliación de matrícula

---

### EXTRACTO DAS N.O.F. DO CENTRO:

#### Art 72 Procedemento para a ampliación de matrícula

##### 1. Solicitude de ampliación de matrícula

A solicitude de ampliación de matrícula deberá realizarse na secretaría do centro antes do día 25 de outubro, previo asesoramento do profesor ou profesora titor/a, mediante a instancia creada polo centro para tal fin. En ningún caso se atenderán solicitudes presentadas fora de prazo.

O alumno/a solicitante deberá continuar asistindo as materias do curso no que está matriculado mentras non se resolva a solicitude. Neste tempo o centro asignará temporalmente ao alumno ou alumna un grupo nas materias do curso ao que se solicita ampliar, sempre que sexa posible, co único fin de que poida asistir como alumno/a oínte. A asistencia como alumno/a oínte non ten ningunha validez oficial a efectos curriculares nin garante que vaia a ser o que finalmente lle sexa asignado no caso de que a ampliación de matrícula sexa aprobada.

##### 2. Procedemento para a resolución das solicitudes de ampliación de matrícula

Cada profesor ou profesora deberá realizar un informe onde se acredite se o alumno ou alumna solicitante acadou os obxectivos para ese curso e materia conforme criterios obxectivos. Para tal fin deberase realizar unha única proba específica, que poderá constar de varias partes. Dita proba, os seus contidos e os criterios de cualificación, deberá estar recollida dentro da programación didáctica da materia correspondente.

O profesor/a titor/a fará constar no seu informe, ademais do anterior, os seguintes aspectos:

- Se considera que a ampliación de matrícula é unha medida axeitada para o desenvolvemento persoal equilibrado do alumno ou alumna solicitante.
- Se existe risco de provocar dificultades para a socialización e convivencia do alumno ou alumna no caso de ampliar ao curso seguinte, e tamén no caso de non facelo.
- Se a súa capacidade de aprendizaxe é adecuada para afrontar ás materias do curso ao cal aspira a acceder, tendo en conta as opinións do profesorado das materias e/ou grupos ás que o/a solicitante asiste de oínte.

Estos informes, os do profesorado e o do titor ou titora, deberán entregarse antes do 30 de novembro á Xefatura de Estudos.

O Consello Escolar é o órgano encargado de resolver as solicitudes de ampliación de matrícula. Para que se autorice a ampliación de matrícula dun alumno ou alumna deberanse cumprir os seguintes criterios:

- A adecuada capacidade de aprendizaxe do alumno ou alumna solicitante no curso actual deberá estar xustificada, conforme criterios obxectivos, en cada un dos informes do profesorado.
- No informe do profesor ou profesora titor/a deberá constar a recomendación da ampliación de matrícula ao curso seguinte, conforme a criterios obxectivos tendo en conta as características persoais do alumno ou alumna.
- A Xefatura de Estudos deberá informar positivamente da viabilidade da ampliación de matrícula, en función das ratios dos grupos e as vacantes en cada unha das materias no curso escolar actual.
- No caso de que a solicitude de ampliación de matrícula se resolva positivamente por parte do Consello Escolar, realizarase unha reunión de avaliación na que se farán constar as cualificacións finais do curso ao que o alumno ou alumna estaba matriculado inicialmente.